

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CLÍNICO APLICA POR PRIMEIRA VEZ A RADIOCIRURXÍA ESTEREOTÁXICA PARA TRATAR A NEURALXIA DO TRIXÉMINO

- A renovación tecnolóxica na oncoloxía radioterápica compostelá permitiu a posta en marcha desta técnica para tratar unha dor severa e crónica no nervio cranial cando non remite con tratamentos farmacolóxicos nin cirúrxicos
- A intervención, que tivo unha duración de 80 minutos, realizouse con éxito no primeiro paciente, un varón de 63 anos, que recibiu a alta ese mesmo día

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022.- O Servizo de Oncoloxía Radioterápica da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza ven de coordinar a primeira Radiocirurxía Estereotáxica para tratar a neuralxia do trixémimo, un trastorno doloroso severo e recorrente que repercute no nervio cranial afectando á sensibilidade da zona anterior da cara (na maioría dos casos, unilateral e habitualmente do lado dereito).

A técnica aplicouse por primeira vez e con éxito a un paciente varón de 63 anos no que non remitira a patoloxía con tratamentos farmacolóxicos nin cirúrxicos. O doente recibiu a alta médica o mesmo día da intervención, que durou 80 minutos e non precisou anestesia. A posta en marcha desta técnica realizouse grazas a un equipo interdisciplinar formado por, amais de oncólogos radioterápicos, neurocirurxiáns, neuro-radiológos e radiofísicos.

Neuralxia do trixémimo

A neuralxia do trixémimo é considerada unha enfermidade rara (1-2 casos por cada 10.000 habitantes), máis habitual en mulleres que en homes. Segundo a doutora Concepción Victoria, do servizo de oncoloxía radioterápica compostelá "na maioría dos casos, non se coñece a causa orixinaria desta patoloxía. A resposta inicial ao tratamento farmacolóxico é boa, pero a medida que evoluciona, os pacientes fanse resistentes aos fármacos co que pasan a ser candidatos a alternativas cirúrxicas. Aínda que estas técnicas tamén obteñen xeralmente bos resultados, existe unhas taxas de recorrencia significativa".

A última opción de tratamento é a cirurxía estereotáxica, aclara a doutora, unha forma de radioterapia inicialmente desenvolvida para tratar pequenos tumores ou anomalías funcionais do cerebro nunha única sesión anque se imparte unha dose elevada de radiación.

A renovación tecnolóxica en oncoloxía radioterápica na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza permitiu a posta en marcha desta técnica que se realizou no acelerador liñal Truebeam (dado pola Fundación Amancio Ortega) de gran precisión mecánica e coa incorporación do sistema Exactrac que permite a ubicación espacial precisa da zona intracranial a irradiar no acelerador.

Saúdos,